

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Acordo da Comisión Electoral Central do 5 de marzo de 2021

De conformidade cos Estatutos e o Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, a Comisión Electoral Central, na súa reunión do día 5 de marzo de 2021, acordou convocar eleccións de representantes no Claustro Universitario, así como aprobar as seguintes regras de desenvolvemento:

PRIMEIRO.- O presente acordo aplicarase ás eleccións de representantes no Claustro Universitario, do seguinte sector:

- Sector III: alumnado matriculado en titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento.

SEGUNDO.- Calendario electoral.

O calendario electoral figura como anexo I á presente convocatoria. A votación efectuarase o **día 29 de abril de 2021**, no seguinte horario ininterrompido: desde as 9:00 ata as 19:00 horas.

TERCEIRO.- Electores e elixibles.

Serán **electores e elixibles** as persoas censadas no sector de conformidade coa normativa electoral. Os censos estarán a disposición para consulta na Reitoría (dependencias da Secretaría Xeral), na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, así como nos lugares habilitados para os efectos nos centros. Ao mesmo tempo, poderá consultarse a inclusión nos censos de xeito individualizado na consulta habilitada para o efecto na web electoral: www.usc.es/elecciones2021.

Os censos non serán obxecto de exposición nos taboleiros coa fin de respectar as medidas relativas á protección persoal contra a COVID-19.

CUARTO.- Presentación de candidaturas e outros escritos.

A presentación das candidaturas e dos escritos relacionados con esta convocatoria deberá facerse a través da aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica>, antes das 14:00 horas do día no que remate o seu correspondente prazo de presentación. Para acceder á aplicación electoral os/as electores/as terán que identificarse mediante as claves de acceso corporativas da USC. O alumnado poderá acceder á aplicación dende a Secretaría Virtual.

Cando os candidatos/as pretendan formalizar unha agrupación electoral aos efectos de presentar candidaturas, realizar a campaña electoral e nomear interventores/as (art. 25 REX), esta deberá estar inscrita no Rexistro de asociacións da USC ou, no caso de non estalo, o/a representante da agrupación deberá solicitar á Secretaría Xeral, no prazo de presentación de candidaturas, concorrer como agrupación electoral e nomear a un/unha representante que responderá dos dereitos e obrigas fronte á USC e fronte a terceiros.

No caso de non presentar a solicitude para formalizar a agrupación electoral nos termos indicados anteriormente, a Secretaría Xeral aceptará a candidatura sempre que cumpra os restantes requisitos, facendo constar no apartado de agrupación "ningunha".

As agrupacións electorais, na medida do posible, deberán respectar que os candidatos/as dun mesmo sexo non superen o 60%.

QUINTO- Suposto no que non procede realizar votación.

Non será preciso someter a votación a elección de representantes cando o número de candidatas/os sexa igual ou inferior ao número de postos elixibles na circunscrición correspondente.

SEXTO.- Procedemento electoral.

O procedemento electoral será de votación electrónica, conforme ao establecido no anexo II.


Disposición adicional

O procedemento de votación rexerase polo establecido nesta convocatoria, polas disposicións do réxime electoral da USC en todo o que sexa aplicable e, de forma supletoria, pola normativa electoral xeral e de administración electrónica que sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

O presidente da Comisión Electoral Central

Fernando Antonio Vázquez-Portomeñe Seijas



Taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo e taboleiro electrónico

ANEXO I

Exposición do censo provisional	8 marzo-15 de marzo
Reclamacións ante a Secretaría Xeral contra o censo provisional	8 marzo- 15 de marzo
Resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo	17 de marzo
Recursos ante a Comisión Electoral Central (CEC) contra o censo	17-24 de marzo
Publicación do censo electoral definitivo	26 de marzo
Presentación de candidaturas	5 abril-12 de abril
Proclamación provisional de candidatos/as	13 abril
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatos/as	13-16 abril
Proclamación definitiva de candidatos/as	20 de abril
Publicación do número de representantes a elixir en cada circunscrición	20 de abril
Sorteo da letra de inicio de inscrición de candidatos/as nas papeletas electrónicas	20 de abril
Campaña electoral	21 abril- 27 de abril
Xornada de reflexión	28 de abril
Votacións	xoves 29 de abril (desde as 9:00 h ata as 19:00 h)
Proclamación provisional de candidatos/as electos/as	3 de maio
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de electos/as	4-7 de maio
Proclamación definitiva de candidatos/as electos/as	10 de maio

ANEXO II PROCEDIMIENTO ELECTORAL

Sistema electoral electrónico

1.- O sistema electoral consistirá na emisión de votos dende un dispositivo conectado a Internet ata unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Comisión Electoral Central da USC.

A USC garantirá que a infraestrutura tecnolóxica que dá soporte ao sistema electoral contemple as medidas de seguridade que garantan o correcto funcionamento durante o período no que se exerce o dereito ao voto, o secreto e a privacidade do votante, a integridade do voto e un escrutinio dissociado.

2.- O sistema electoral electrónico será o seguinte:

a) Reúnese a Mesa electoral electrónica que estará composta por tres membros, nomeados pola Comisión Electoral Central, logo dun sorteo (presidente e vogais). Na reunión tamén poderán estar presentes os/as interventores/as designados, e o equipo de apoio responsable do mantemento do voto electrónico. Reuniranse a primeira vez cunha antelación mínima dunha hora ao inicio da votación no lugar que determine a Comisión Electoral Central.

Para a válida constitución da Mesa electoral electrónica fará falta a asistencia dos tres membros.

b) O presidente da Mesa Electoral Electrónica deberá iniciar o sistema de elección o día e á hora indicada na convocatoria de eleccións. Ningún elector/a poderá acceder á dirección electrónica que dá acceso á páxina web electoral fóra do horario establecido para a votación.

3.- A votación realizarase unha soa vez, sendo este o voto válido emitido.

4.- O sistema de votación contemplará a posibilidade de emitir votos a persoas e votos en branco. Non existirán votos nulos.

Sistema de votación

1.- O voto electrónico emitirase desde calquera ordenador conectado a Internet.

2.- Os electores/as terán que conectarse a través da súa Secretaría Virtual, ou ben dende a páxina web electoral: www.usc.es/elecciones2021, na que se habilitará un enlace á aplicación de voto. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Comisión Electoral Central ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas e resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo evoto@usc.es.

3.- Os electores/as identificaranse coas claves de acceso á Secretaría Virtual.

4.- Na pantalla de votación constarán relacionadas as candidaturas proclamadas, así como a opción de voto en branco. Unha vez realizada a opción de voto, terase que premer "Emitir o voto" e, a continuación, mostrarase a candidatura ou as candidaturas escollida/s e solicitarase a confirmación da opción elixida. En caso de non querer confirmala, o elector/a terá a posibilidade de realizar unha nova selección.

5.- Unha vez confirmada a opción de voto, codificarase o voto coa clave de codificación/cifra. Seguidamente, tense que asinar o voto do elector/a e tense que remitir á urna dixital remota.

6.- Unha vez finalizado o procesamento do voto, darase opción a imprimir ou gardar un recibo cun código de control, que permitirá comprobar ao elector/a que o seu voto foi emitido e utilizado no escrutinio.

7.- As votacións realizadas por este sistema substitúen ás votacións con urna e os resultados serán vinculantes, sen que sexa necesario establecer sistemas alternativos para a votación presencial.

Administración Electoral

A Comisión Electoral Central será a responsable do procedemento electoral e da custodia dos votos emitidos. Entre as súas funcións cómpre destacar:

- a) Resolver as incidencias do procedemento e difundir os acordos adoptados pola resolución das mesmas.
- b) Publicar e difundir os resultados do escrutinio.
- c) Resolver as reclamacións e recursos

Pola súa banda, a Mesa Electoral Electrónica encargárase da apertura da urna electrónica en presenza dos interventores; responsabilizárase da custodia da clave descifradora para permitir o escrutinio e realizará o escrutinio.

Poderá existir unha Mesa de administración nomeada pola Comisión Electoral Central para resolver as incidencias técnicas ou administrativas que se poidan producir durante a votación electrónica na que colaborará un equipo de apoio técnico que asesorará en aspectos tecnolóxicos.

Se por causas de forza maior ou por calquera incidencia técnica non fose posible iniciar o acto da votación ou do escrutinio, ou se tivese que interromper unha vez iniciados, a Comisión Electoral, en función da duración e natureza da causa ou incidencia e doutras circunstancias, poderá adoptar calquera das solucións seguintes:

- a) Prorrogar a duración do período da votación electrónica polo tempo que estime conveniente.
- b) Suspende ou aprazar a votación ou o escrutinio.
- c) Acordar, excepcionalmente, que a votación se leve a cabo polo sistema tradicional, indicando os prazos pertinentes e resolvendo as restantes cuestións que se estime oportunas.

No caso de que se opte polas solucións b) ou c) e cando algún elector/a tivese votado, a Comisión Electoral Central poderá acordar a destrución dos votos e das claves criptográficas. Neste caso, o electorado afectado volverá a exercer o seu dereito de sufraxio co sistema e data que se acorde.

Se a anomalía comporta a substitución de calquera dos computadores que conforman o sistema informático electoral, a Comisión Electoral Central da Universidade poderá ordenar a súa reposición ou a destrución dos votos e das claves criptográficas.

Se o que se ten que substituír é a urna electrónica, a Comisión Electoral Central decidirá cando proceder á destrución dos votos e das claves criptográficas.

O presidente da Comisión Electoral Central comunicará as medidas acordadas ao órgano competente a fin de que informe ao electorado afectado e proceda a publicalas na páxina web electoral.

As incidencias xurdidas ao longo do procedemento e as medidas de resolución adoptadas faranse constar en acta.

A Secretaría Xeral da Universidade coidará do correcto desenvolvemento da convocatoria electoral e asegurará a disposición de medios para a votación.

Os órganos de goberno das Facultades e Escolas colaborarán no desenvolvemento e tramitación das eleccións, proporcionarán os locais, medios e asesoramento necesarios para levalas a cabo e velarán pola boa marcha da xornada electoral. A estes efectos, correspóndelle a responsabilidade desta colaboración ao decano/a ou director/a do Centro, ou a quen este/a designe expresamente debendo comunicalo á Secretaría Xeral.

Escrutinio do voto

1.- Acabadas as votacións electrónicas, os membros da Comisión Electoral Central reuniranse no lugar que o presidente determine.

2.- Os membros da Mesa Electoral Electrónica, con presenza dos interventores/as e, no seu caso, dos asesores técnicos do voto electrónico procederán a reconstruír a clave descifradora, descodificar os votos e iniciar o escrutinio. En todo caso, será necesaria para a reconstrución da clave descifradora a presenza dos tres membros da Mesa Electoral Electrónica. Se algún destes membros extraviase a súa fracción de clave terá que xustificalo e comunicalo ao presidente, debéndose facer constar esta incidencia na acta da sesión.

3.- Cada un dos membros da Mesa Electoral Electrónica achegará a fracción da clave descifradora que lle corresponde e a descodificará co seu certificado dixital. Así se reconstruír a clave mencionada que permitirá interpretar o contido dos votos electrónicos. A continuación, iniciarase o escrutinio electrónico.

4.- O proceso de descifrado dos votos ten que garantir que se impida coñecer a identidade dos votantes.

5.- O presidente da Comisión Electoral publicará o resultado provisorio das eleccións por centros, sectores e subsectores conforme aos calendarios e procedementos establecidos nesta convocatoria.

6.- Agás no caso de impugnación, unha vez transcorrido o prazo de catro meses desde a proclamación dos representantes electos o presidente da Comisión Electoral, en presenza da secretaria xeral, e se é o caso, do asesoramento técnico pertinente, procederá á destrución tanto da clave descifradora que permite abrir a urna electoral como dos votos electrónicos depositados na urna electrónica remota.

Non se poderán destruír os votos electrónicos que fosen obxecto de impugnación, reclamación ou dúbida, nin polo tanto a clave descifradora. Esta e os votos electrónicos custodiaranse e conservaranse ata que finalice o procedemento correspondente.

Ata a destrución da clave descifradora e dos votos electrónicos depositados na urna electrónica, a Mesa Electoral Electrónica custodiará a clave descifradora e os votos electrónicos depositados na urna electrónica, de acordo co procedemento seguinte:

- Cada membro da Mesa Electoral Electrónica introducirá nun sobre a tarxeta coa parte da clave criptográfica mencionada, e nun sobre separado os códigos PIN e PUK da tarxeta. Todos os sobres terán que estar debidamente pechados e asinados de forma manuscrita.
- Gardarase nun soporte informático a lista de votos electrónicos cifrados.

A secretaria xeral conservará toda a información xerada durante o proceso electoral para garantir que os votos emitidos non sexan alterados e gardaraos na caixa forte de seguridade da Universidade, baixo a súa custodia.